

‘¿Dónde está Dios, papá?’, de Novella

LIBROS Indicios, de Ediciones Urano, publica *¿Dónde está Dios, papá? Las respuestas de un padre ateo*, de Clemente G. Novella. **ECG**

Laghareu gaña o certame de gaitas de Ponteareas


CONCURSO O xurado da XLV edición do Concurso de Gaitas de Ponteareas acordou conceder o primeiro premio ó grupo Laghareu de Cotobade. Dito cuarteto estaba composto polos gaiteiros Edelmiro M. Fernández Parada e Pablo Dalama, sendo a tamborileira Lola Fernández Parada e Miguel Fraguas López. O premio está dotado con 1.800 euros. **REDACCIÓN**

O boletín da UNE analiza a evolución das TIC na USC

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

O director do Servizo de Publicacións da USC, Juan L. Blanco Valdés, é unha das sinaturas incluídas no número 25 da revista *Unelibros*, novo exemplar gratuíta da publicación da Unión de Editoriais Universitarias Españolas (UNE), onde reflexiona sobre a edición dixital no espazo universitario. No artigo *Tendiendo puentes*, Juan Blanco fai unha análise

da evolución na USC da aplicación das novas tecnoloxías á edición, subliñando como a Universidade compostelá asume dende hai anos as posibilidades das TIC, compromiso materializado na inauguración dunha librería dixital ou no mantemento dun repositorio que xa aloxa preto de 5.000 arquivos de edicións propias, teses e unha vintena de libros dixitais nativos. **REDACCIÓN**



Cartel de la décima edición del Premio de Creación Fotográfica Luis Ksado

M. Outumuro y Fontcuberta, en los talleres paralelos del Luis Ksado


PAZO DE MARIÑÁN Dentro de las actividades paralelas del X Premio Luis Ksado de fotografía destacan los talleres de Manuel Outumuro (uno de los más importantes fotógrafos de moda) y Joan Fontcuberta (ganador de los premios nacionales de fotografía y ensayo) que tendrán el 1 y 3 de octubre en el pazo de Mariñán. **REDACCIÓN**



O equipo de actores e actrices da película de Trueba, onte en San Sebastián. Foto: Efe

‘Operación E’, con Luís Tosar, estréase en San Sebastián

A produción de Zircozine retrata o conflito das FARC en Colombia//A actriz galega Sara Casanovas, no filme ‘Gernika bajo las bombas’



Tosar á súa chegada a Donostia. Foto: F.S.S.



A actriz Sara Casanovas. Foto: Manolo Yllera

MARCOS LOUSA
Santiago

Operación E, a nova produción de ZircoZine protagonizada por Luís Tosar, preséntase hoxe 25 de setembro no Festival de Cine de San Sebastián. Alí estarán o propio Luís Tosar, xunto coa súa compañeira protagonista, a colombiana Martina García; Farruco Castromán, actor e produtor do filme e Miguel Courtois, o seu director. Logo dun pase de prensa ás 16:30h, a estrea do filme no festival terá lugar ás 21:30h no Kursaal. A película chegará ás salas comerciais o vindeiro 14 de decembro.

Operación E é un thriller baseado na historia real do fillo que Clara Rojas, unha avogada secuestrada polas FARC xunto a Ingrid Betancourt en 2002, tivo cun guerrilleiro durante o seu cativerio, e de Crisanto, o campesiño que foi obrigado a coidar do neno baixo ameaza de morte da guerrilla, papel interpretado por Tosar neste auténtico reto interpretativo para o gañador de tres premios Goya e unha Cuncha de Prata.

No elenco do filme figuran tamén a actriz colombiana Martina García e o actor galego Farruco Castromán, que é á súa vez

produtor executivo do filme xunto a Luís Tosar. Esta é a primeira produción internacional de ZircoZine, rodada integramente en Colombia. Trátase dunha coprodución hispano-francesa, na que xunto á produtora galega participan Tormenta Films e a francesa Ajoz Films.

GERNIKA, 1937. Outra das presenzas galegas no Festival de Cine de San Sebastián será hoxe a da actriz ourensana Sara Casanovas, que lle dá vida a Amaia, unha das protagonistas da película *Gernika bajo las bombas*, unha recreación histórica do bombardeo ao que foi sometida a poboación vasca por parte de forzas aéreas da Alemaña nazi e da Italia

fascista, aliadas de Franco durante a Guerra Civil. O filme percorre a vivencia dese bombardeo nun mosaico de personaxes e de historias entrelazadas, entre as que Sara Casanovas interpreta á dependenta dun ultramarino, namorada dun escritor co que agarda marchar a Francia. *Gernika bajo las bombas* é a ópera prima do guionista Luis Marías e está prevista a súa emisión, en formato de miniserie de dous capítulos, nas canles autonómicas, a Televisión de Galicia entre elas.

A longametraxe, que foi producida por Erpin 360º, Vértice Cine e Baleuko, conta coa participación de ETB, TV3, TVG e Canal Sur, e co apoio do ICAA e do Goberno Vasco.

HOXE NO FESTIVAL

‘El artista y la modelo’. Os vasos comunicantes entre a arte e a vida filmados con mimo por Fernando Trueba na película ‘El artista y la modelo’, protagonizada por Jean Rochefort, Aida Folch e Claudia Cardinale, centraron os eloxios nunha xornada competitiva na que Laurent Cantet pinchou co seu ‘Foxfire’.

Krahe al desnudo. A SGAE presentou onte *Esta no es la vida privada de Javier Krahe*, una “perla da liberdade de expresión”, segundo o presidente da entidade, Antón Reixa, que contén a curta *Sobre la Cristofagia* pola que o cantautor foi denunciado.



Antón Reixa, esquerda, e Javier Krahe, onte en San Sebastián. Foto: Juan Herrero/Efe